

O Goberno local mellorará e adecuará á normativa europea os máis de 50 parques infantís

Páxina 7



Concello de  Oleiros

O Concello inviste 2,6 millóns de euros en modernizar a rede de saneamento de augas

Páxina 4

Vivir en Oleiros

Número 29
Xaneiro 2009
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

O PLENO DÁ VÍA LIBRE AO TERCEIRO PXOM DO MUNICIPIO

■ O pleno municipal deu vía libre ao que será o terceiro Plan xeral de ordenación municipal co que conta o Concello de Oleiros. A votación, que se realizou na sesión plenaria que tivo lugar o pasado día 2 de decembro, contou cos votos favorables de Alternativa dos Veciños e PSOE, a abstención do BNG, e o voto en contra do grupo municipal do PP.

Páxinas 12 e 13

Xa podes inscribirte na nova edición de Xoveoleiros e Ocioleiros 2009

Páxina 8

A Banda da Escola de Música Municipal, durante a interpretación do concerto de Nadal o pasado mes de decembro



As xestións administrativas do Concello poden tramitarse «on line» a través da web municipal

Páxina 11

ORGULLO DE OLEIROS

■ A Banda da Escola de Música Municipal estase a consagrar como unha das orquestras de máis calidade de Galicia. O grupo que dirixe Alberto Piñeiro Leiva está a experimentar un constante crecemento tanto no eido musical como no humano. Ao longo dos últimos anos compartiu escenario con importantes

Páxina 18

agrupacións do panorama autonómico como son as orquestras de Silleda, Sada ou Ferrol ademais de outras coma a Banda Xuvenil de Rivadulla ou a Banda do Liceo. Na actualidade a formación enmarcada dentro do proxecto educativo da Escola de Música está formada por 45 músicos, a maioría locais.

Os programas municipais de exercicio físico axudan a conservar a túa saúde

Páxina 20

O Concello investirá 5,6 millóns de euros en obras públicas financiadas polo Fondo de Inversión Local

Páxina 3

Como saber onde está todo en **Oleiros**

AXENDA
Páxina 23

UNHA NOVA SENDA COSTEIRA UNIRÁ MERA CO PARQUE DE CANIDE ▼

◆ Unha nova senda costeira unirá o centro de Mera co parque de Canide. O proxecto, ideado e elaborado polo Concello de Oleiros, será executado pola Demarcación de Costas grazas á xestión do Goberno local. Este novo paseo marítimo, de preto de 500 metros de lonxitude, completa o percorrido entre a praia de Espiñeiro e a península de Canide. Deste xeito os veciños e os visitantes de Oleiros poderán percorrer a pé e a carón do mar toda a baía de Mera, un dos enclaves máis privilexiados do litoral oleirense.

Esta nova obra, que suporá un investimento de 431.000 euros, prevé a construción dunha senda peonil formada por unha franxa de 2,5 metros de pavimento realizado de cuarcita irregular. O camiño estará bordeado por un murete de granito. Ademais, en varios tramos do percorrido, utilizaranse outras solucións construtivas para librar as irregularidades orográficas da zona. Deste xeito, proxéctase a construción dunha pasarela de madeira que atravesará un tramo acantilado. Esta pequena ponte medirá case 10 metros de longo. Xa no tramo final do paseo, nas inmediacións de Canide, o pavimento deixa lugar a unha senda de madeira de case 50 metros de lonxitude.

Nos traballos tamén se inclúe o acondicionamento da zona da capela de Santa Ana, que será mellorada cun empedrado de lousas de granito. Por último, dotarase o novo paseo e as súas inmediacións de espazos axardinados nos que se plantará especies autóctonas. O soño de contar cun litoral aberto ao gozo de todos os oleirenses nesta zona do norte do municipio será unha realidade en primavera.

O paseo entre Canide e Santa Ana contará cunha pasarela e cunha senda de madeira. A primeira construírse sobre unha zona acantilada e medirá 10 metros, a segunda ten unha lonxitude de case 50.



O PASEO DE MADEIRA DE SANTA CRISTINA VAI SER RENOVADO



◆ O alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, púxose en contacto o pasado mes de decembro co xefe da Demarcación de Costas para solicitarlle a renovación completa do tramo do paseo marítimo de Perillo comprendido entre o edificio municipal A Fábrica e a rúa Víctor López Seoane. A senda marítima, construída enteira de madeira comezará a ser renovada de forma inminente. Estes traballos únense

á recente mellora que Costas executou a petición do Concello no paseo de Bastiagueiro, que fora estragado pola acción do mar no temporal que asolou a costa oleirense a pasada primavera. Nas obras de mellora de Santa Cristina utilizaranse madeiras tratadas de forma especial para soportar o desgaste provocado pola erosión, pola acción do mar e polo desgaste causado polo salitre.

O CONCELLO EXECUTARÁ OBRAS POR VALOR DE 5,6 MILLÓNS DE EUROS CO FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL

■ *O Goberno local traballa contra reloxo para presentar ao Ministerio de Administracións Públicas antes de que remate este mes os proxectos que serán financiados co Fondo de Investimento Local. En total 5,6 millóns de euros encamiñados a mellorar os servizos e as instalacións municipais e que axudarán a dinamizar o emprego local. As propostas do Concello de Oleiros prevén o desenvolvemento de infraestruturas de carácter deportivo e social, a adecuación de distintos espazos e as instalacións municipais e a mellora da rede de abastecemento e saneamento de augas.*

● **Construirase unha piscina e un ximnasio en Dorneda**

O Goberno local dotará a zona norte do municipio cun complexo deportivo destinado a cubrir as necesidades das parroquias de Dorneda, Maianca, Serantes e Dexo. Esta será edificada baixo os criterios que levaron a cabo a obra da piscina municipal situada en Santa María de Oleiros. Unha parcela de propiedade municipal situada nas proximidades de Rialta, en Dorneda, é o lugar escollido polo Goberno para albergar este novo complexo.

● **Mellorarase o alumeadado público na zona de Xoez**

O alumeadado público do núcleo urbano de Xoez será mellorado. O obxectivo é dotar esta zona dun servizo óptimo que repercuta na seguridade e na calidade de vida dos veciños.

● **Construirase unha cuberta na pista polideportiva de Meixónfrío, en Santa Cruz e renovarase a cuberta do polideportivo de Canide**

A nova pista polideportiva de Meixónfrío contará con cuberta. Deste xeito garátese o seu uso a pesar da climatoloxía adversa. Así mesmo, a cuberta da polideportiva de Canide será renovada.

● **Adaptaranse á normativa europea os parques infantís do municipio deteriorados mellorarase e dotaranse de xogos e mobiliario urbano**

Este programa de mellora dos espazos de xogo súmase aos traballos xa realizados pola Concellería de Obras Públicas nos últimos meses. O pasado ano reparouse o parque Luís Seoane, en Santa Cruz, e proxectouse a mellora doutros 14 parques infantís. Con este investimento as melloras continuarán ata completar os traballos nos máis de 50 parques deste tipo cos que conta o municipio.

● **A praza do Exilio en Santa Cruz será renovada**

Dentro do Fondo de Investimento Local o Concello prevé renovar esta praza, cun novo



pavimento, reordenando o mobiliario e unificando esta coa zona verde do parque Luís Seoane a través dun paso de peóns elevado. Ademais prevese a drenaxe deste parque e o aproveitamento de augas naturais para a rega.

● **O parque Metropolitano será mellorado**

Os máis de 200.000 metros cadrados de espazo verde dos que dispón o Concello na franxa costeira entre Bastiagueiro e As Galeras será mellorado para o gozo dos veciños. Deste xeito, Oleiros contará cunha nova zona verde axardinada fronte ao mar.



● **A Casa do Pobo de Dorneda vai ser reparada**

Na Casa do Pobo de Dorneda, espazo de referencia na vida social e cultural desta parroquia, vaíse reparar o contorno, o parque infantil e a zona da grella, atendendo á solicitude da Sociedade de Dorneda co obxecto de prestar un mellor servizo aos veciños.




● **Executaranse diversas obras na Casa da Silva para prestar servizo en mellores condicións**

A Casa da Silva, unha das instalacións municipais máis demandadas pola mocidade de Oleiros será reparada. Está previsto que se executen diversas obras: renovación dos aseos, reparacións dos tellados, pintado, nova carpintería en portas e ventás, novo portal de acceso e outras melloras co obxecto de prestar servizo en mellores condicións.

● **Faranse obras no aparcadoiro da piscina de Perillo para prestar un correcto servizo**

O Plan inclúe o proxecto de ordenación do aparcadoiro da piscina de Perillo, coa súa pavimentación e coa dotación de arborado e alumeadado, para prestar un correcto servizo.



● **Prevese a ordenación do aparcamento de Bastiagueiro**

Dentro das obras enmarcadas no Plan de investimento local, o Goberno local prevé a ordenación do aparcadoiro da explanada de Bastiagueiro, que rexistra un elevado uso na época estival.

● **Construirase unha pista de Skate en Bastiagueiro**

A zona de Bastiagueiro acollerá unha nova instalación deportiva. Trátase dunha pista de skate que cubrirá a demanda das persoas que patinan no municipio.

● **Mellorarase a rede de abastecemento e os depósitos acumuladores de auga**

Está previsto que dentro das obras que se executarán cos 5,6 millóns de euros do Fondo de Investimento Local se leven a cabo obras dun importe próximo aos 600.000 euros que comprenderán diversas actuacións de renovación de tubaxes e melloras nos depósitos de abastecemento de auga potable. Entre elas a posta en marcha do bombeo de Rialta, a conexión dos dous depósitos da Edreira e a renovación de tubaxes en Che Guevara e en varias rúas na parroquia de San Pedro de Nós.

● **O casco de Perillo vai ser mellorado**

Está prevista a ordenación da praza da Canteira e o seu contorno, ordenando o tráfico, renovando o pavimento, construindo beirarrúas na rúa Nova e convertendo a praza da Canteira nunha praza agradable para os veciños, abrindo espazos e reducindo o tráfico de vehículos.

OLEIROS CONTINÚA A MELLORAR A SÚA REDE DE SANEAMENTO ▼

■ O Goberno local de Oleiros continúa a construír unha rede de saneamento modélica. Nos últimos meses o Concello puxo en marcha importantes obras de mellora e realizou xestións que acadaron valiosos convenios con outras administracións a través dos que se continuará a modernizar a rede oleirense. En total o Concello contratará diversas obras de mellora por valor de 2,7 millóns de euros.

■ MÁIS DE 2 MILLÓNS DE EUROS PARA O MANTEMENTO DAS DÚAS DEPURADORAS E OS 25 BOMBEOS DO MUNICIPIO



◆ O Concello está a piques de contratar os servizos dunha empresa especializada que se fará cargo do mantemento dos 25 bombeos e das dúas depuradoras de augas residuais. A rede pública de saneamento é das máis avanzadas de Galicia, dispón dunha ferramenta informática de control de toda a rede e dos seus elementos a nivel xeográfico denominada GIS, así como telemandos a distancia para todos os bombeos. Con esta nova xestión tecnolóxica da rede de saneamento aumentará o control e a seguridade en posibles anomalías que puidesen producir verteduras esporádicas á ría do Burgo. Os técnicos municipais valoraron en 510.000 euros o custo anual do mantemento de bombeos e depuradoras. A xestión e o mantemento destes bombeos e destas depuradoras é por un prazo de catro anos, prorrogables por dous máis no caso de que así se considere no seu momento. En total un investimento de máis de dous millóns de euros para os próximos catro anos.

■ MÁIS DE 500.000 EUROS PARA OS BOMBEOS DA PASAXE E DE BASTIAGUEIRO

◆ O Concello puxo en marcha diversas melloras na rede de saneamento municipal nos últimos días. Por unha banda, contratouse a mellora dos bombeos de augas residuais de Bastiagueiro e das dúas instalacións deste tipo existentes na Pasaxe. Estas obras responden a unha solicitude feita pola Alcaldía, xa que estes bombeos, construídos pola Xunta hai dous anos, tiñan unha dotación demasiado axustada para atender o volume de líquido que teñen que tratar. Esta situación obrigaba a un mantemento permanente e a un elevado risco de alivio ao exterior. No caso de Bastiagueiro, as obras de mellora foron adjudicadas á empresa Espina e Delfín, no caso da Pasaxe a encargada de facer os traballos é a empresa Espina Obras Hidráulicas. O importe total das obras que se van realizar en Bastiagueiro e A Pasaxe superan os 500.000 euros.



■ O GOBERNO LOCAL E A XUNTA ASINAN UN CONVENIO PARA ELIMINAR A ANTIGA DEPURADORA DE RIALTA E RENOVAR COLECTORES DE AUGAS FECAIS EN VARIAS RÚAS DO MUNICIPIO

◆ O Goberno local e a Consellería de Medio Ambiente asinaron recentemente un convenio polo que o Goberno autonómico se compromete a investir 200.000 euros nun proxecto de mellora da rede de saneamento oleirense. Este proxecto foi elaborado de forma íntegra polos técnicos municipais. As actuacións que se levarán a cabo céntranse na eliminación do bombeo do Couto de Lorbé e na conexión á rede de Sada en virtude do acordo asinado con este concello. Destaca a eliminación da antiga depuradora de Rialta coa renovación dos

colectores de augas pluviais e fecais e a recuperación da parcela municipal. Ademais, instalaranse novos colectores na rúa Darwin, na rúa Xuncal e na rúa do Río, en Perillo.

Por outro lado, en colaboración co Concello de Cambre e coa intención de determinar o fluxo de líquido que Oleiros asume da rede cambresa, instalarase un caudalímetro na Barcala que permitirá realizar medicións dos caudais. Ademais, tamén se mellorarán os colectores no acceso á Nave de Servizos Municipais.

A UTILIZACIÓN DO PUNTO LIMPO NON É UNHA ALTERNATIVA, É UNHA OBRIGA. ÚSAO

■ HORARIOS: de luns a venres, de 09:30 h a 13:00 h e de 15:30 h a 19:00 h ● Sábados: de 09:00 h a 14:00 h


A OBRA QUE SOTERRARÁ A N-VI AO SEU PASO POR SOLYMAR TRANSFORMARÁ PERILLO ▶

◆ Perillo transformarase ao longo do 2009. A fins do pasado ano, o alcalde de Oleiros, Angel García Seoane anunciou a inminente execución da obra que soterrará a estrada nacional ao seu paso por esta localidade, que sofre na actualidade unha altísima densidade de tráfico debido a que representa un dos principais accesos á comarca. O tráfico de saída e entrada da Coruña desaparecerá para os perilláns. A N-VI será subterránea desde a saída da ponte da Pasaxe ata a altura da rúa Beiramar, un tramo que mide máis de 140 metros en total. A superficie será dotada dunha gran rotonda que se encargará de distribuír o tráfico local. Ademais construíranse espazos para peóns e varias zonas axardinadas.


Co soterramento deste importante tronco circulatorio e coa construción da nova glorieta na superficie conséguese axilizar o tráfico na N-VI conservando todas as conexións co resto de estradas da zona, como a AC-174 que une Perillo con Sada. Ademais, mellórase a seguridade viaria da propia intersección, xa que se evitará cruzar sentidos de circulación mediante a distribución do tráfico a través da nova rotonda. Desta forma elimínase tamén de forma exponencial o risco de colisións entre vehículos, xa que se esgota a capacidade de almacenamento do carril central de xiro, o que obriga na actualidade a ocupar parte dos carrís de circulación. Tamén se mellora en gran medida o tráfico local e convértese esta zona de Perillo nunha vía de tránsito urbano. Así mesmo coa nova rotonda a circunvalación de Perillo gañará en fluidez.

TRÁFICO PEONIL

◆ O proxecto prevé que se constrúan varios cruzamentos peonís repartidos ao longo da intersección. Esta medida, sumada á altísima redución do tráfico rodado, xa que ao nivel da rúa os peóns só toparán co tráfico local, permitirá mellorar de forma exponencial a seguridade dos transeúntes. Ademais, coa rotonda proporciónanse pasos peonís de menor lonxitude con puntos intermedios de parada, co que se pode prescindir da regulación a través de semáforos. O prazo de execución que prevé Fomento para esta obra é de vinte meses.



◆ Nesta sección pode observarse como quedará a avenida das Mariñas tras a execución das obras. O tráfico da N-VI transitará polo subsolo a través dunha vía desdoblada, mentres que o espazo urbano reordenarase transformando a zona. A nova distribución a pé de rúa prevé amplos espazos para peóns e unha vía destinada a canalizar o tránsito local. O tráfico mellórase, o risco de accidentes redúcese exponencialmente e os veciños gañan calidade de vida.



A NOVA POLIDEPORTIVA DE MEIXONFRÍO CONTARÁ CUNHA CUBERTA ▼

◆ A nova pista polideportiva de Santa Cruz situada na urbanización Meixonfrío, dotarase de cuberta. A nova obra vai permitir gozar desa pista aínda cando a meteoroloxía non acompañe. Deste modo satisfaise unha vella reivindicación dos veciños e das veciñas do núcleo de Santa Cruz que reclamaban un espazo cuberto dispoñible para actividades deportivas. No caso desta cuberta, estase tendo especial coidado en reducir na medida do posible o impacto da súa altura sobre o seu contorno, polo que aproveitando o desnivel do terreo deseñouse unha cuberta singular que reduce a súa altura máxima e o seu impacto visual. O custo total deste proxecto suporá un investimento de case 350.000 euros.

O novo proxecto para Meixonfrío coincide co remate das obras da cuberta da pista polideportiva de Perillo, situada ao lado da Avenida da República, obras que incluíron tamén a urbanización do contorno e a construción dun parque infantil. O importe total destas obras foi de 362.697 euros. O Concello dispón a día de hoxe de pistas polideportivas cubertas en Dexo, Lorbé, Arillo, Os Regos, Oleiros, Iñás, Nós e Perillo.



A OBRA DO NOVO CENTRO DE SAÚDE DE OLEIROS ESTARÁ REMATADO O VINDEIRO MES



◆ Está previsto que a obra do novo centro de saúde que se constrúe en Santa María de Oleiros, nunha parcela cedida polo Concello á Consellería de Sanidade fronte o IES Miraflores e o colexio A Rabadeira, remate o vindeiro mes. Esta instalación albergará servizos de atención primaria, que darán cobertura aos veciños das parroquias de Oleiros, Nós e Iñás. A cirurxía menor, o diagnóstico precoz do cancro, ademais, da creación dunha «moi necesaria unidade de fisioterapia», son algúns dos servizos que se ofertarán no centro da parroquia de Oleiros.

ELIMÍANSE POSTES PERIGOSOS PARA O TRÁFICO EN VARIAS ZONAS DO MUNICIPIO



◆ O Concello de Oleiros, a través dun convenio subscrito entre a eléctrica Fenosa e a Xunta de Galicia, está a suprimir en varias zonas do municipio postes do tendido eléctrico a petición do Goberno local. Os traballos leváronse a cabo na rúa As Avogadas (Perillo), na rúa Leticia (Oleiros), nun tramo da rúa Celso Emilio Ferreiro (Mera), na praza da Canteira e nas rúas adxacentes (Perillo). Tamén se soterrou a instalación eléctrica da beirarrúa da avenida República Arxentina, no Couto, en Dorneda. Así mesmo, retirouse un poste perigoso para o tráfico na intersección entre a avenida Venezuela e a rúa do Río, en Oleiros.

E ademais... en marcha a construción de beirarrúas en Nós:

◆ O Goberno local comezou os trámites para conseguir os terreos e contratar o proxecto construtivo das novas beirarrúas e ampliar a calzada en varias rúas da parroquia de Nós. A obra ponse en marcha tras as reunións que mantiveron o Concello e os veciños das rúas Manuel Murguía, Pilar Estevez e A Seara, onde se realizarán os traballos. O número de quilómetros de beirarrúas construídas en Oleiros nos últimos anos continúa medrando: xa son máis de 25.

O CONCELLO INVISTE MÁIS DE 600.000 EUROS EN ARRANXAR 14 PARQUES INFANTÍS



■ Parque dos Areiros situado na zona do Lucín, en Perillo

◆ O Concello de Oleiros investirá máis de 600.000 euros nun novo programa de melloras dos parques infantís do municipio. Logo de que a finais do pasado ano o Concello de Oleiros contratase a mellora das instalacións infantís do parque Luis Seoane, en Santa Cruz, a Concellería de Obras Públicas continúa coa súa política de acondicionamento destes espazos públicos para os nenos e as nenas. Das máis de 50 instalacións deste tipo das que dispón o Concello serán modernizadas ao longo dos próximos meses un total de catorce. Entre os parques que serán renovados figuran os de Nicolás Redondo, O Carballido, a urbanización Valle Inclán e O Graxal I. Tamén se arranxarán o da Casa do pobo de Nós, a Praza de Galicia, a Casa do Pobo de Iñás e a Praza de Liáns. Deste programa de mellora de parques tamén se verán beneficiadas as instalacións sitas na urbanización Lamastelle, na urbanización Arenaza, en Icaria I e II e no Colexio Valle Inclán entre outros lugares. As obras teñen por obxectivo a reparación de xogos e a súa actualización. Tamén se levará a cabo a ampliación de mobiliario, a sinalización e a mellora das condicións de seguridade e a iluminación nos casos que sexa necesario.

VÍTIMAS DO USO INAXEITADO

◆ Debemos denunciar aqueles ataques que sufra este tipo de instalacións de recreo por usuarios de idade non autorizada, en moitas ocasións adolescentes que utilizan estes lugares como punto de reunión. Os parques infantís son para os máis pequenos, a xente nova conta con outro tipo de instalacións municipais para reunirse e desenvolver as súas actividades de ocio, como son as casas do pobo situadas en cada parroquia e os centros destinados á mocidade. O uso inaxeitado dos bambáns, tobogáns e demais mobiliario deste tipo priva que gocen deles as persoas máis novas. O coidado destes espazos públicos é responsabilidade de toda a veciñanza.

A ROTONDA DE ABELEIRAS, LISTA

◆ A nova rotonda de Abeleiras, en Dorneda, xa está en uso. Grazas á xestión do Concello e a cooperación dos veciños propietarios dos terreos lindeiros co cruzamento de Abeleiras, que cederon gratuitamente parte das súas propiedades para que se eliminase o punto negro existente nesta zona. As obras foron realizadas pola Xunta quen executou o proxecto realizado polos técnicos municipais da Concellería de Obras Públicas. Os traballos leváronse a cabo a bo ritmo. A rotonda ten un diámetro exterior de 28 metros entre bordos, e consta tamén de beirarrúas e pasos de peóns.

Esta obra mellorará sensiblemente o tráfico na zona e evitará posibles accidentes neste tradicional punto negro.



OCIOLEIROS E XOVEOLEIROS VOLVEN AO CONCELLO ▼

◆ O Concello ofrece de novo aos veciños participar nas actividades de lecer que organiza co fin de acadar o maior número posible de participación cidadá.

Esta programación municipal está dividida en tres grupos atendendo a tres franxas de idade: Ocioleiros L (de 14 a 17 anos), Ocioleiros XL (de 18 a 35 anos) e Xoveoleiros (de 36 a 60 anos). Para participar hai que estar empadroadado no Concello e cumprir a franxa das idades marcadas. As inscricións faranse a partir do 15 de xaneiro, pero ata esta data as persoas interesadas poden informarse das actividades e dos horarios no Centro Cultural da Fábrica ou chamando aos teléfonos 981 636 598 ou 981 610 000. A duración é de febreiro a maio e o custo total varía segundo a idade, Ocioleiros L 10 euros, Ocioleiros XL 20 euros e Xoveoleiros 30 euros. O premio final é unha viaxe na que participarán todas aquelas persoas que asistan ao sorteo e non faltasen á actividade máis de 3 veces (sen xustificarse), o destino da viaxe deste ano aínda está por determinar.



■ Na imaxe pode verse parte do grupo de veciños que participaron na edición de 2008 de Ocioleiros e Xoveoleiros durante a viaxe a Cuba que realizaron o pasado verán acompañados por membros do Goberno local.

ACTIVIDADES:

Ocioleiros L (de 14 a 17 anos)

- Banda deseñada
- Danzas actuais
- Aeróbic júnior
- Cociña
- Graffiti
- Monopatín
- Obradoiro de maquillaxe
- Risoterapia
- Teatro cabaret

Ocioleiros XL (de 18 a 35 anos)

- Aquagym
- Bailes de salón I, II
- Baloncesto 3x3
- Bicicleta estática
- Bricolaxe
- Cociña
- Danzas actuais
- Escalada deportiva en rocódromo
- Fútbol sala
- Masaxe
- Pilates
- Pintura
- Risoterapia
- Teatro cabaret
- Tapas e aperitivos

Xoveoleiros (de 36 a 60 anos)

- Bádminton
- Bailes de salón I, II, III
- Batuka
- Bricolaxe
- Cociña
- Foto dixital
- Informática I, II, III
- Masaxe
- Natación
- Obradoiro de cata de viños galegos
- Pilates
- Pintura
- Tapas e aperitivos
- Técnica de relaxación



O GOBERNO LOCAL CEDE UNHA PARCELA NAS GALERAS PARA CONSTRUIR UN CENTRO DE DÍA PARA MAIORES ◀

◆ O Goberno local cedeu o uso dunha parcela de titularidade municipal ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de Vicepresidencia da Xunta para que se execute a edificación dun novo centro de día para maiores con capacidade para 80 persoas. Esta parcela, de máis de 1.800 metros cadrados, está situada nun lugar privilexiado do concello, na esquina entre a rúa Romarheiro nº3 e a rúa Simón Bolívar nº1, nas Galeras, na parroquia de Liáns. Este novo centro de día para maiores, que se construírá en medio dunha zona residencial e moi próximo ao mar, está chamado a substituír o servizo que actualmente se presta no pazo de Arenaza. Está previsto que a execución da obra comece nas próximas semanas.

EDITORIAL

● POR QUE O MEDO?

◆ Hai unha tendencia natural do ser humano a non ter en conta os perigos nin as ameazas mentres non lle tocan persoalmente.

Durante o ciclo de catorce anos de bonanza económica anteriores á crise actual as enquisas viñan situando con ampla marxe e sistematicamente ao terrorismo como primeira preocupación dos españois. Sendo este como é unha lacra, un problema transcendente e duradeiro, o certo é que a delincuencia vén afectando de preto a miles de persoas de xeito real, ameazando o desenvolvemento da vida cotiá.

Paralela e tradicionalmente, os cidadáns españois seguían a colocar a delincuencia e a violencia machista no furgón de cola das súas preocupacións, mesmo por detrás dos atascos de tráfico nas horas punta. Iso ata que o delito lles toca persoalmente, ou a algún parente. A mesma perda do emprego non se ten percibido como un problema grave ata que o drama persoal e familiar - antes considerado como algo que lles pasa aos demais- ten acadado proporcións pandémicas.

O incremento da crueldade en roubos e ataques á integridade física vén sendo exponencial desde a chegada ao noso país de mercenarios do crime, procedentes de países nos que a inestabilidade política albergou enormes rexións sen lei e mesmo guerras fratricidas polo territorio, polas materias primas, polo control de recursos, nun proceso de aprendizaxe e técnicas mafiosas.

Os recentes roubos acaecidos ultimamente en distintos concellos de Galicia e que afectaron a diversas vivendas con asaltos organizados por bandas de atracadores moi sofisticadas e dotadas de sistemas de comunicación de tecnoloxía punta, están a crear unha alarma e unha psicose social case colectiva na poboación, especialmente naqueles concellos que, como o de Oleiros, foron obxectivo dos delinquentes. Esta alarma social, totalmente xustificada, véñse a incrementar con aqueloutra que determinados individuos metidos a políticos e sen sentir nada polos afectados aproveitan calquera situación que lles pareza que poida danar o goberno do momento, ao igual que fan os pirómanos que non dubidan en botar gasolina ao lume para incrementar a magnitude do incendio.

A falta de respecto á vida e ás propiedades arredor das que as familias constrúen a súa esfera de equilibrio cotián é incompatible coa percepción do benestar e, por suposto, cun Estado de dereito, que se xustifica, antes que todo, no esforzo permanente por garantir os principios básicos da convivencia.

Pero o certo é que os principais partidos do mapa político español, tanto no desempeño do Goberno como desde a oposición e que son mandados a representar os nosos intereses no Parlamento do Estado e da Autonomía, semellan todos eles vivir nun limbo celestial nunha torre de cristal, sempre a una distancia insalvable dos problemas reais dos cidadáns. Nos seus discursos, a situación do Partido Comunista de las Tierras Vascas ou o transfuguismo na Unión del Pueblo Navarro ocupan dez veces máis tempo que as continuas vagas de roubos en comercios e vivendas. Os grandes partidos buscan os réditos electorais

no debate sobre problemas que, sendo reais -Euskadi, Memoria Histórica, a materia de relixión- eles maximizan aínda máis para non ter que tratar de resolver os máis graves, por medo ao fracaso ou ben a ter que tomar decisións que, aínda que eficaces, poidan desagradar a moitos.

O Goberno de España ten un gran reto impedir o asentamento no noso País destoutra forma de terrorismo que atemoriza ao conxunto dos veciños e condiciona a súa forma de vida.

A presenza destas bandas no noso país non é nova. De igual xeito que se aplican políticas para outras formas de terrorismo vai sendo hora de dotar de recursos humanos, infraestruturas e tecnoloxía avanzada as forzas de seguridade do estado que deben velar pola convivencia pacífica e segura dos cidadáns.

Non se debe aprazar máis tempo o compromiso e a necesidade da creación dun gran corpo de Policía con mando único, que contemple a integración da Garda Civil, desmilitarizada, a Policía Nacional e a Policía Autonómica, e aglutine recursos para facilitar a disposición na rúa de máis efectivos e mellor dotados.

Medidas que, demandamos, teñen de correr parellas coa dotación de máis medios á Xustiza, e, sobre todo, coa superación do absentismo das Súas Señorías, que non teñen traballado nada en vinte anos na adaptación do noso corpus de leis encamiñadas a frear e previr o establecemento das mafias do crime organizado, como poidan ser unha intervención selectiva no fenómeno inmigratorio e a necesaria e urxente reforma do sistema penal, cumprindo o papel da reinserción para o que foi creado.

Detrás de cada casa asaltada, de cada muller violada, detrás de un rapaz golpeado ou acoitelado por non levar diñeiro no peto, hai un xigantesco drama, un trauma que, se cadra, deixa secuelas toda a vida. Non podemos ser alleos a eses feitos só porque non nos tocouse a nós de preto.

A sociedade, cos seus problemas, somos todos, e todos temos o deber de esixirle ás instancias estatais, autonómicas unha mellor utilización dos nosos recursos na persecución do crime. É unha cuestión de saúde democrática, individual e colectiva para evitar estas actitudes delituosas que atentan contra as persoas e o seu patrimonio. Non se pode permitir que as bandas organizadas campen ás súas anchas por todo o estado español, iso si, coa convivencia de delinquentes nacionais.

Mentres tanto non debemos baixar a garda, ser máis prudentes e desconfiados á hora de velar pola facenda de cada un e ser máis participativo nos temas da nosa comunidade, informando ou denunciando calquera actitude dubidosa de individuos ou vehículos (marca, matrícula) que vexamos rolando polas zonas nas que residimos.

Desde Oleiros, cóstanos que os responsables da seguridade están a tomar todas as medidas ao seu alcance para deter os delinquentes e evitar no posible, no futuro, que esta ola de asaltos se repita. Aínda así non estamos libres de casos illados que desde hai séculos se veñen a dar por todo o Estado.

SEGUIMOS A CONSERVAR O MUNICIPIO





Alternativa dos veciños

UN GOBERNO SÓLIDO, UN CONCELLO FORTE

As promesas cumpridas acostuman ser o mellor dos avais. Tras máis de dous anos de duro traballo, o Goberno local de Alternativa dos Veciños logrou o respaldo necesario para desbloquear a aprobación do que será o terceiro Plan Xeral de Oleiros. Este novo documento, froito do consenso entre quen tivo a capacidade de dialogar, proporcionará aos veciños oleiroses dous valiosas armas: un marco legal que garanta un desenvolvemento á marxe da especulación e un motor económico que ampare o seu futuro. En definitiva, dous dos piares nos que se baseou o progreso que caracterizou a Oleiros durante os últimos 25 anos. Porén, o debate xurdido en torno á chegada do novo Plan deixou en evi-

dencia un mal que asola constantemente a política local: a nula capacidade para achegar iniciativas por parte de determinados sectores da oposición. A súa destrutiva política de acoso e derribo representa o seu único selo de identidade. Mentiras, descualificacións, propostas excéntricas e imposibles. Acciones que priorizan os intereses partidistas e a ansia de poder ante o ben común de Oleiros e cuxo único resultado é o desprestixio do municipio.

Pero as mentiras, as promesas vas e as descualificacións nada teñen que facer contra os feitos. E o mapa e a vida de Oleiros están repletos de pequenos e grandes feitos que converten a xestión municipal nun éxito ante os

ollos de quen recorra os seus recunchos. Éxitos que son froito do traballo, a sensibilidade e o amor incondicional a unha vila construída entre todos e para todos.

Desgraciadamente non hai peor cego que o que non quere ver. A ambición de poder, as disputas persoais e o afán de protagonismo parecen nubrar a razón dalgúns líderes políticos, que lonxe de asumir a responsabilidade democrática de traballar desde a oposición para construír un municipio mellor, dedícanse a orquestrar campañas mediáticas e boicotear sen escrúpulos. Ata cando seguirá cega a oposición de Oleiros? Canto tempo seguirá sen darse conta de que o diálogo é o único camiño cara ao progreso?

A incapacidade para dialogar e a confrontación como *modus vivendi* deixa en evidencia unha absoluta falta de compromiso coa cidadanía.

Pero mentres algúns sigan dando paus de cego, desde Alternativa dos Veciños seguiremos traballando dispostos a falar con quen queira participar na construción dun Oleiros mellor. Un Oleiros onde aspectos como a educación, a vivenda, o transporte, a cultura, a sanidade, os servizos ou o desenvolvemento sostible continúen converténdose día a día nunha realidade. Un Oleiros onde as melloras cheguen a todos e cada un dos 92 núcleos de poboación dispersos pola nosa xeografía. Un Oleiros sen cidadáns de primeira e segunda. Un Oleiros grande.

Partido Popular de Oleiros / Pablo Cobián, portavoz do PP de Oleiros



EN EL ANTERIOR NÚMERO...

En el anterior número de esta publicación, el grupo popular solicitaba al PSOE de Oleiros que aclarase su postura acerca de un plan general absolutamente irregular. Y la verdad es que ha quedado clara. Pero no por las enrevesadas explicaciones o intentos de justificación de su portavoz, sino por los hechos. Estos hechos son que el Gobierno local ha aprobado un plan en defensa de sus propios intereses. Y para ello ha contado con los votos de un grupo socialista que contradice no sólo la postura de la Xunta, sino la suya propia. La prueba evidente

son las citas textuales de lo que ha dicho hasta ahora su portavoz.

“Ángel García Seoane hace tiempo que ha dejado de ser un vecino de Perillo para comportarse como el auténtico Marqués de as Galeras”.

“Como candidata socialista me repugna que cada día debamos discutir y criticar las recalificaciones del alcalde y su entorno político”.

“García Seoane ha presentado un plan pensado para los promotores y olvidando a los vecinos”.

“Resulta insultante y avergonzante ir comprobando cómo se ha

ido enriqueciendo García Seoane gracias a la privilegiada situación informativa y de decisión que le otorga el cargo de alcalde”.

“Este plan se ha hecho con un sospechoso oscurantismo, opacidad y secretismo”.

Estas son sólo algunas de las valoraciones hechas en los últimos meses por el PSOE sobre el plan que se acaba de aprobar con sus votos. Un plan que incluye la reclasificación, de rústico a urbanizable del SUND-41, en Iñás, del que el alcalde es copropietario y que la Xunta dice expresamente que debe ser suprimido. Un plan

que da un trato desigual a los vecinos, y prevé calificaciones distintas para suelos similares. Incluye también la recalificación de suelos pertenecientes a miembros de Alternativa de rústicos a urbanos, algo no permitido por la ley. Además, se hace de espaldas a los vecinos, sin una nueva exposición al público, que el PSOE había defendido, y que el PP sigue considerando imprescindible.

El Partido Popular considera inexplicable e injustificable la postura del PSOE de Oleiros y confía en que la Xunta rectifique y no consienta este atropello.

Grupo Municipal Socialista / Covadonga Díaz Varela. Voceira do Grupo Municipal PSdeG.- PSOE. Concello de Oleiros

O GOBERNO SOCIALISTA CONCEDE A OLEIROS 5,6 MILLÓNS DE EUROS PARA OBRA PÚBLICA

O Fondo Estatal de Inversión Local previsto polo Goberno de España destinará a Oleiros máis de cinco millóns seiscientos mil euros, que deben dedicarse a obras non incluídas nos orzamentos locais. Os socialistas o fixemos posible. Impulsar a actividade económica e o emprego, é tamén unha prioridade para os socialistas, e por iso tamén fixemos posible a aprobación do PXOM.

O PSOE de Oleiros antepón aos seus intereses os dos veciños. Así actuamos cando contribuímos a mellorar significativamente e aprobar o PXOM, cando negociamos o orzamento do ano 2008, eliminando partidas destinadas ó

auditorio e proponendo novas actuacións en saneamento, alumeado, asfaltado e conservación de rúas, cando defendemos a construción do Centro de Saúde de Oleiros, que hoxe se está a facer realidade, e tantas outras actuacións.

Para o PSOE de Oleiros son cuestións de importancia as relacionadas coa calidade de vida e lecer dos veciños, por eso consideramos a necesidade da construción dunha cidade deportiva en Bastiagueiro, dunha nova piscina na parroquia de Dorneda, e cubrir as necesidades básicas dos nosos veciños con obras de alcantariado, asfaltado e alumeado de rúas.

Ainda que agora non é posible, non renunciamos á Cidade Deportiva en Bastiagueiro é importante para favorecer as actividades deportivas dos veciños nun entorno de calidade. No Plan Xeral de Ordenación Municipal quedou claro que neste lugar podería construírse unha cidade deportiva coa calidade que se merece Oleiros, con campo de fútbol de herba artificial, válida tamén para hóckey, pavillón polideportivo e pista de patinaxe de velocidade. Non creímos nun proxecto faraónico dun auditorio que podía superar os dez millóns de euros. Un proxecto que supoñía un elevado custe de mantemento, ao dispor de diversas instalacións adicionais.

Propuxemos xa nos orzamentos do ano 2005, a construción dunha piscina climatizada en Dorneda, e así o volvíamos propoñer nos orzamentos do 2008, con esta e outras propostas incluídas nos orzamentos, os socialistas apoiamos os mesmos co noso voto a favor.

Nesta mesma liña están as propostas de proxectar equipamentos e infraestruturas de servizos básicos nas redes viarias, de saneamento, alumeado e telecomunicacións e as encamiñadas á mellora da seguridade. Son proxectos sostibles, cun fin claramente social, e cun custo e un mantemento que Oleiros si se pode permitir.



Bloque Nacionalista Galego / Fina Quintáns Antelo. Portavoz do BNG no Concello de Oleiros.

UN CONCELLO PARA TODOS E TODAS

Oleiros é un concello singular, mais a singularidade débese pór en valor colaborando coa Xunta de Galiza e con todas as iniciativas para transformarmos o país. A promoción de vivenda de protección pública nunca é de abondo e máis aínda en Oleiros, onde o crecemento

medio anual de máis de 1000 habitantes nos últimos 25 anos non se corresponde na súa maior parte con vivendas para as rendas máis modestas.

A descualificación e o insulto non axudan a crear un clima de diálogo e colaboración institucional para facer de Oleiros

un concello para todos e todas. Quizais o concepto de «gueto» usado polo alcalde coas vivendas da Xunta sexa un cualificativo excluínte das persoas máis desfavorecidas, que teñen tanto dereito a vivenda como as que viven nas numerosas promocións privadas construídas

para as rendas máis altas.

En momentos de crise a construción da vivenda de promoción pública xerará emprego, investimentos e unha vivenda digna para 600 familias nunha zona privilexiada do concello como é Coruxo. Se isto é un «gueto», benvido sexa.

DESDE A TÚA CASA PODES FACER XESTIÓNS NO CONCELLO ▼

■ Os veciños de Oleiros xa poden realizar os seus trámites administrativos a través de Internet e sen necesidade de desprazarse ás oficinas do Concello. O novo servizo da *Carpeta Cidadá* permite cursar solicitudes de certificado de empadramento, realizar avisos de avaría, demandar certificados de convivencia, solicitar recollida de mobles e moitos outros trámites. Este novo servizo, ao que se accede desde a páxina web municipal (www.oleiros.org), está a disposición das persoas usuarias as 24 horas do día, os 7 días da semana.

◆ O Concello de Oleiros, dentro do seu proceso de modernización administrativa e co obxectivo de achegar a Administración á cidadanía, puxo en marcha o pasado mes de setembro a *Carpeta Cidadá*. Este servizo pon a disposición dos veciños a Administración electrónica, permitindo facer a maioría dos trámites burocráticos desde a casa sen necesidade de desprazarse ás oficinas do Concello. Na *Carpeta Cidadá* pódense consultar diversa información: recibos, expedientes, entradas de rexistro, información de padrón, propiedades, calendario fiscal personalizado etc.; ademais tamén se poderá solicitar en liña os seguintes documentos:

- **Duplicados de recibo**
- **Cartas de pagamento**
- **Volante de residencia**

◆ Ademais, todos estes documentos poderán ser validados ao instante a través da aplicación informática e sen necesidade de desprazarse. Só e necesario a clave de validación.

Tamén poderá realizar diversos trámites:

- **Avisos de avaría**
- **Solicitudes de citas de urbanismo**
- **Queixas ou suxestións**
- **Recollida de mobles**
- **Solicitud de certificado de convivencia**
- **Solicitud de certificado de empadramento**

◆ Algúns trámites poderánse realizar desde a parte pública da carpeta, isto é, sen necesidade de realizar unha identificación fronte ao sistema. A *Carpeta Cidadá* estará dispoñible a través dun enlace na páxina principal da web corporativa do Concello: www.oleiros.org. Disporá dunha área pública e unha área privada na que a persoa se identificará mediante o seu DNI e un contrasinal persoal (pin) que o Concello lle facilitará logo de ser solicitado.

Este proxecto, que inicialmente nace con estes servizos, pretende ser o punto de partida cara á Administración electrónica e pretende que os servizos ofrecidos a través desta canle se vaian incrementando de tal maneira que se facilite ao máximo a relación entre a Administración e a cidadanía, permitindo realizar o maior número de trámites e consultas sen necesidade de desprazarse ás oficinas do Concello, e cunha dispoñibilidade máxima 24 X 7, 24 horas ao día, 7 días á semana.

1 Accede á *Carpeta Cidadá* a través do enlace que encontrarás na páxina web municipal.


2 Para realizar as túas xestións administrativas en liña con seguridade necesitas a túa clave de acceso secreta. Poderás solicitar o teu PIN nas oficinas do Concello.

3 Unha vez que accedas á túa *Carpeta Cidadá*, disporás dun menú que che permitirá realizar as túas xestións. Consultar pagamentos, dar avisos de avarías, solicitar documentos ou pedir certificados de convivencia e empadramento xa se poden xestionar desde a casa.


1



2



3



O NOVO PLAN XERAL PERMITIRÁ O DESENVOLVEMENTO DO MUNICIPIO

◆ Foron seis longos anos de espera para que o terceiro PXOM de Oleiros cubrixe os trámites para acadar a súa aprobación definitiva por parte da Dirección Xeral de Vivenda da Consellería de Política Territorial. Quedan pois, contando desde o pasado día 11 de decembro, 90 días para que a Xunta lle dea a súa aprobación. E dicimos aprobación porque o que se fixo no pleno do pasado 2 de decembro foi efectuar os requirimentos demandados polo Goberno autonómico ao documento de aprobación inicial levado a cabo no pleno de maio de 2006.

Coa próxima entrada en vigor do Plan xeral oleirense comeza unha nova etapa urbanística para o municipio. Este novo período servirá para consolidar o que se levou adiante nestes últimos anos e que fixo de Oleiros un concello singular de alta calidade de vida e con diversas infraestruturas e equipamentos así como unha estrita preservación do contorno e do medio ambiente natural que o municipio posuía. Coa aprobación deste documento ábrese diversas expectativas que afectan e favorecen o conxunto de todos os cidadáns. Especialmente as familias que poderán desenvolver os seus proxectos e a miles de traballadores que co desenvolvemento do plan terán asegurado o seu medio de vida. Créanse polo tanto unhas grandes expectativas de desenvolvemento e de progreso respectando e potenciando os nosos núcleos tradicionais. Desta forma consolídase unha forma de crecer sen aberracións urbanísticas que degraden o noso hábitat. O plan prevé actuacións programadas para os próximos 15 anos. Esas actuacións foron pactadas con gran parte dos propietarios dos solos afectados. Nalgúns casos ese consenso chega ao 100% da actuación e noutros supera o 50% que a lei esixe para a realización deses convenios, que se desenvolverán a través de plans parciais, especiais ou polígonos


estando previsto que melloren as distintas zonas do municipio e as doten das infraestruturas necesarias. Vías de circunvalación, creación de grandes parques públicos, preservación de castros, dotación de novas infraestruturas deportivas e equipamento social, sanitarios e hoteleiros. Ábrese pois un horizonte de esperanza para miles de veciños e para o desenvolvemento das parroquias da zona norte e do centro do municipio.

Algunhas das actuacións previstas a curto e medio prazo terán un impacto moi importante para a vida social e económica dos oleirenses. Como son o campo de golf de Xaz o porto deportivo de Lorbé e a creación de máis de 4.000 vivendas de protección espalladas polas nove parroquias do municipio. Algúns destes proxectos iniciaranse no segundo semestre do 2009, o que permitirá a curto prazo facer realidade os novos campos de fútbol de Dorneda e Mera e diversas melloras viarias nos núcleos en que se desenvolverán estas actuacións urbanas.

O documento do Plan xeral é un documento composto por miles de textos e planos que non están exentos de erros involuntarios, polo que calquera persoa que se poida ver afectado por un posible erro, aínda disporía dun prazo para que se producise a emenda a través do correspondente recurso de alzada ante o órgano encargado de realizar a súa aprobación definitiva, neste caso a CPTOPT.

O Goberno local ten previsto despois da aprobación definitiva remitir a todos os domicilios de Oleiros unha copia íntegra en CD. Esta copia permitirá que todos os veciños dispoñan da información total respecto ao documento máis importante do municipio e que poidan exercer un control sobre as actuacións que se desenvolven no seu contorno ou en calquera zona do territorio municipal.


O campo de golf de Xaz, unha das primeiras actuacións previstas



■ *Unha das primeiras actuacións que se podería levar a cabo despois da entrada en vigor do novo PXOM é a creación do campo de golf (sinalado no plano en azul) e dunha nova zona residencial de 600 vivendas na parroquia de Dorneda (delimitada en cor beixe). Esta actuación urbanística, que ocuparía máis de 800.000 metros cadrados, reportará ao municipio a cesión de varias zonas verdes, entre as que se atopa o castro e o bosque de Xaz, ambas de elevado valor cultural e paisaxístico (sinaladas en cor verde escuro). Ademais, o acordo para o desenvolvemento deste complexo fixa o compromiso, por parte da promotora, de levar a cabo unha estrada que conecte a parroquia coa vía Ártabra e outorga ao Concello unha participación na explotación do campo.*

PLAN XERAL MUNICIPAL DE ORDENACIÓN DE OLEIROS

DOCUMENTO DE CUMPRIMENTACIÓN DA ORDE DE 14 DE MARZO DE 2007 DA C.P.T.O.P.T.



- AMBITO DE SOLO URBANO CONSOLIDADO
- AMBITO DE SOLO URBANO NON CONSOLIDADO
- AMBITO DE SOLO URBANIZABLE
- AMBITO DE SOLO URBANIZABLE EN EXECUCIÓN
- SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS
- SISTEMA XERAL DE ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES
- SISTEMA XERAL PORTUARIO
- PROTECCION DE INFRAESTRUTURAS
- PROTECCION DE ESPAZOS NATURAIS
- OUTROS SOLOS ESPECIALMENTE PROTEXIDOS
- PROTECCION ORDINARIA

O PXOM prevé actuacións programadas para os próximos 15 anos

O Goberno local remitirá a todos os domicilios unha copia íntegra en CD despois da aprobación definitiva

O Plan crea novas expectativas de desenvolvemento e de progreso respectando e potenciando os nosos núcleos tradicionais

O CONCELLO SUBVENCIONA AS ASOCIACIÓNS

■ O Consello de Administración do Organismo Autónomo de Cultura do Concello de Oleiros acordou outorgar subvencións por un importe total de 252.000 euros aos distintos colectivos culturais, sociais, educativos e deportivos do municipio. O obxectivo desta iniciativa é amparar as actividades desenvolvidas polas agrupacións locais. O importe económico que recibe cada colectivo está supeditado á relevancia das actividades que desenvolve e ao número de nenos e nenas que participen nos seus programas.

AGRUPACIÓNS SOCIAIS E CULTURAIS:

ENTIDADE	CONCEPTO	IMPORTE
● A.V.V. A RÍA	Romaría da Cabeza, Festa do Entroido, actividades deportivas e de ocio (ioga, ximnasia, judo e pintura)	1.800
● A.V.V. O HÓRREO	Viaxes culturais, Festa do Antroido, Festa do Samaín, romaría, bailes latinos, baile galego e canto	2.550
● A.V.V. OS RUEIROS	Gaita, baile, pandeireta, Festa das Letras Galegas, baile moderno, Festa dos Reis, Festa do Entroido, mostra folclórica, Festa do San Xoán, danza do ventre, viaxes e intercambios culturais	4.300
● A.V.V. SAN ANTÓN	Viaxes culturais, Festas do Samaín e Magosto, alboradas San Antón, teatro, Festa das Flores, Festa do Antroido, Febreiro cultural, actividades culturais en torno a Reis, San Xoan e Fin de ano	2.600
● A.V.V. SANTAIA	Festa dos Reis, Festa do Antroido, Romaría do San Xoán, Día da Patria, XXVIII Xuntanza Mariñá, Semana Cultural, música e baile tradicional, viaxes culturais, Festas do Santísimo e XXX Carreira Popular e I Andaina e Día da Cultura Urbana	5.600
● A.V.V. RIALTA-XOECER	Concentración sendeirista e cicloturista e excursións sendeiristas	660
● A.V.V. SAN COSME	Festas do San Cosme, obradoiro de verán, obradoiro de teatro, bailes de salón, danzas orientais, taichi	2.000
● AGRUPACIÓN ARTÍSTICA E CULTURAL SEMENTE NOVA	Rondalla, baile galego, iniciación á música, palillos, encontros musicais e actuacións distintas seccións	1.600
● AGRUPACIÓN CULTURAL "A MAROLA"	Viaxes e intercambios culturais	1.600
● AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA FOLLÍAS	Baile, gaita e percusión, viaxes culturais e festas populares (Nadal, entroido)	1.600
● ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL LEMBRANZAS STA. CRUZ	Participación e realización de concertos	1.500
● ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA	Manualidades, pintura en tea e óleo, cociña e viaxes culturais	900
● ASOCIACIÓN MULLERES RURAIS A CABANA	Pintura, gravado, tallado, restauración e palillos.	900
● ASPADISOL	Obradoiros de abelorios, tapices, coiro, cestería, cursos de xardinería e cociña	3.400
● CENTRO CULTURAL E INSTRUTIVO	Cultura xeral, música, viaxes culturais, entroido, ximnasia mantemento, tai-chi e aeróbic	1.300
● CORAL POLIFÓNICA DE MERA	Festival aniversario, xuntanza de corais, Festival Santa Icia, concerto de panxoliñas	1.500
● CORO DE OLEIROS	Clases de canto e director, concerto aniversario, encontro de corais, participación en concertos	1.500
● S.C.R. AMIGOS DE LORBÉ	Coral, rondalla, artes plásticas, viaxes culturais, festa do Nadal e San Xoán, Nadal, entroido e San Xoán	3.600
● S.C.R.D. DE DORNEDA	Festa do San Martiño, concurso literario, Escola de baile e gaitas, festas do Nadal, entroido e San Xoán, manualidades, pintura e artes, encontro habaneras e romaría folclórica	6.000
● OS DECANOS HOGAR MUNICIPAL 3ª EDAD	Viaxes culturais	765
● A.C. CLUB PENSIONISTA DE MERA	Viaxes culturais	300
● CORAL AIRIÑOS DE NÓS	Intercambios e viaxes culturais	700
● AGRUPACIÓN CULTURAL O AMANEXO	Teas e costura para vestiario	600
● ASOCIACIÓN CULTURAL FROUMA	Festival folclórico	600
● A.C.D.R.V. O CARME DE MERA	Festas do Carme de Mera	970
● ASOCIACIÓN CULTURAL COFRADÍA DE STA. ANA / MERA	Festas de Santa Ana	970
● A.C.D.R.V.P. ROSARIO DE DORNEDA	Festas do Rosario de Dorneda	1.050
● COMISIÓN DE FESTAS DO SAN PEDRO	Festas do San Pedro de Nós	1.150
● COMISIÓN DE FESTAS DO CARBALLO	Festas Patronais do Carballo	650
● COMISIÓN DE FIESTAS DEL CARMEN DE LORBE	Festas do Carme de Lorbé	1.000
● COMISIÓN DE FESTAS MIRAFLORES OLEIROS	Festas de Santa María de Oleiros	1.100

TOTAL: 54.765

ENTIDADES DEPORTIVAS:

● AC CLUBS DE FÚTBOL DE OLEIROS	Torneos de xuvenís, cadetes, benxamíns, infantís, alevíns, e campus de verán	3.000
● CLUB ATLÉTICO SAN PEDRO	Fútbol categorías afeccionados, xuvenil, infantil, alevíns, 2 benxamíns e prebenxamíns. Festas S. Marcos	5.450
● CLUB DE FÚTBOL SANTA CRUZ	Fútbol categoría afeccionados	1.500
● CLUB DEPORTIVO OBRERO DE OLEIROS	Fútbol categorías afeccionados e xuvenís	2.050
● HÉRCULES S.D.C.	Fútbol categoría afeccionados	1.500
● MARINO DE MERA C.F.	Fútbol categorías afeccionados, xuvenil, cadetes, infantil, alevíns, benxamíns e prebenxamíns	4.800
● S.C.R.D. DE DORNEDA	Fútbol categorías autonómica preferente, 3ª autonómica, xuvenil, cadete, infantil, 2 alevíns, 2 benxamíns e prebenxamín	6.000
● CLUB ATLÉTICO PERILLO	Fútbol categoría afeccionados	1.500
● SOCIEDADE CULTURAL E DEPORTIVA RABADEIRA	Patinaxe de velocidade e xadrez	1.900
● CLUB BREOGÁN - OLEIROS	Tenis de mesa: competicións e escola	1.100
● CLUB DE TENIS MAIANCA	Tenis: campionatos veteráns, interno, fundacional e social	700
● CLUB MERA, F.S.	Fútbol sala: participación en campionatos e organización campus	2.100
● CLUB PATINAJE OLEIROS	Patinaxe de velocidade: participación en campionatos, aprendizaxe e perfeccionamento	1.900
● ESCUELA DE TENIS CANABAL.COM	Tenis: participación en competicións e torneos sociais	700
● JUDO CLUB OLEIROS	Judo: participación en campionatos	1.100
● UNIÓN DEPORTIVA LIBERTAD	Fútbol sala: participación en campionatos	450
● CLUB CABI	Ximnasia artística: participación en campionatos e escola	1.000
● CLUB DE REGATAS DE PERILLO	Remo: participación en campionatos e escola	6.000
● S.R. DE PERILLO A CHAVE	Chave: participación en campionatos	200
● CLUB PERILLO LOS ARCOS FÚTBOL SALA	Fútbol sala: participación en campionatos	450

TOTAL: 43.400

COLEXIOS E ANPA:

	CONCEDIDO
● ANPA BIDUEIRO: Cursos e talleres pais/nais, viaxe cultural-pedagóxica e materiais actividades	800
● ANPA COLEXIO PÚBLICO DE MERA: Actividades extraescolares: fútbol, balonmán, ximnasia rítmica, baile, tenis de mesa, patinaxe, teatro, música, informática, pintura, multitaller, o corpo en movemento, taller de contos, expresión plástica e modelado en barro, tempo libre e viaxe cultural	21.000
● APA COLEXIO PÚBLICO RABADEIRA DE OLEIROS: Actividades extraescolares: informática, xadrez, discovering, debuxo, teatro, mecanografía, taller reciclaxe, tempo libre, baile, contacontos, judo, fútbol-sala, baloncesto, patinaxe, ximnasia rítmica, viaxe cultural e materiais actividades.	35.000
● ANPA COLEXIO PÚBLICO VALLE INCLÁN: Actividades extraescolares: predeportes, fútbol, patinaxe, deportes de loita, tenis, fútbol, baloncesto, balonmán, premanualidades, multiaventuras, danza, teatro, informática, plástica, xogos en inglés, xadrez, materiais actividades	32.000
● ANPA OS PAZOS DO IES MARÍA CASARES: Teatro, Proxecto Brúxula, materiais e festas	4.800
● ANPA BOLBORETA DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA DE OLEIROS: Viaxe cultural e danzas modernas	1.500
● CEIP ISIDRO PARGA PONDAL: Material didáctico para seis aulas de educación infantil, festas da escola, teatro, concertos e publicacións	7.320
● CEIP RABADEIRA: Viaxes culturais teatro, concertos, conferencias, coloquios, exposicións, representacións teatrais, festivais, revista escolar, datas conmemorativas, e material didáctico para nove aulas de educación infantil	10.695
● CEIP VALLE INCLÁN: Viaxes culturais museos, espectáculos culturais, espazos naturais ou monumentais, revista escolar, semana do libro, actividades de educación medioambiental de mellora do contorno, e material didáctico para sete aulas de educación infantil	9.095
● CEIP LUÍS SEOANE: Viaxes culturais, museos, teatro, concertos, revista escolar, datas conmemorativas e festividades, e adquisición de material didáctico para seis aulas de educación infantil	6.225
● IES MARÍA CASARES: Viaxes culturais, actividades culturais diversas e viaxe de 4º de ESO de 54 alumnos	10.815
● IES MIRAFLORES: Viaxes e actividades culturais diversas e viaxe de 4º da ESO de 64 alumnos	10.110
● IES JOSÉ NEIRA VILAS: Viaxes culturais e actividades diversas, viaxe 4º da ESO de 8 alumnos	3.690
● ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE VILAR: Material didáctico	200

TOTAL: 153.250

OS CATIVOS DAS ESCOLAS DE DANZA E MÚSICA, SEN ESPAZO

◆ As escolas de Música e de Danza do Concello de Oleiros atópanse a rebordar. Estes dous proxectos educativos de iniciativa municipal levan funcionando desde o ano 2000, a primeira e desde o 2001, a segunda. Neste tempo lograron consolidarse e foron incrementando de forma exponencial tanto o número de actividades que desenvolven fóra e dentro das aulas, como o número de persoas que cursan estudos nestas disciplinas. A Escola de Música comezou con 188 escolares e hoxe en día conta con 364. A Escola de Danza comezou con 35 e hoxe ten 155. De feito, as matrículas para o curso 2008-2009 incrementáronse nunha alta porcentaxe, no caso da Escola de Danza nun 50% e a previsión é que a demanda de matrícula siga incrementándose para os próximos cursos en ambas.

Actualmente as clases impártense no edificio municipal da Fábrica, en Perillo, pero o alto número de alumnado destas escolas provoca que as instalacións deste centro se tornen insuficientes e exista un serio problema de espazo. Ademais, o edificio multiusos da Fábrica acolle outro tipo de actividades que pouco teñen que ver coa música e coa danza, por exemplo clases de natación ou remo, polo que ao problema de espazo e á incapacidade para organizar máis grupos de ensino dentro das aulas por parte dos responsables destas escolas, súmase o problema de espazo que o alumnado sofre nas instalacións compartidas co resto de actividades, como nos vestiarios. Ao longo deste curso os alumnos e as alumnas, nalgúns casos nenos e nenas de 5 e 6 anos, víronse obrigados a cambiarse nun dos corredores do edificio, segundo asegura a dirección da APA Bolboreta da Escola de Danza. A directora da escola de Danza de Oleiros e prestixiosa coreógrafa, Carmen Roche, coincide cos pais dos alumnos á hora de sinalar as carencias coas que conta o centro.

Desde esta asociación de pais obsérvase «unha serie de deficiencias» entre as que destacan «a falta de vestiarios, inconveniente moito máis acusado no caso dos pequenos que precisan para vestirse dun acompañante ao seu carón». Desde a asociación Bolboreta apuntan tamén que «necesitan un lugar onde se poidan instalar uns armarios para gardar a roupa e as cousas dos escolares». Ademais, a posibilidade de contar cun espazo adecuado e concibido de forma concreta para impartir leccións deste tipo de disciplinas evitaría problemas colaterais como o da precariedade que sofre o estudiantado ao estar expostos ás correntes de aire que existen nalgúns zonas do edificio.



■ Na imaxe superior pode observarse o aspecto que mostran os vestiarios das instalacións da Fábrica no momento en que as alumnas da Escola de Danza se preparan para as súas clases. Abaixo, unha nena mudase no chan do corredor.

O Concello é consciente dos problemas que sofren tanto o alumnado da Escola de Danza como o da Escola de Música e móstrase «preocupado» pola actual situación. Con todo desde a Alcaldía aseguran que se intuía que isto podía chegar a suceder. Ante esta previsión e como solución aos posibles problemas que hoxe son unha realidade, o alcalde puxo en marcha anos atrás o proxecto do auditorio de Bastagueiro. Unha instalación que servise para aloxar as actividades que se desenvolven no marco das escolas de Música e Danza e que ademais contase cos espazos necesarios para acoller concertos ou representacións teatrais, xa que o Auditorio Gabriel García Márquez de Mera queda pequeno fronte á demanda dalgunhas actuacións. O proxecto foi vetado pola oposición. O Goberno local continuará na súa loita por conseguir a construción dunha infraestrutura que serva para acoller o desenvolvemento de proxectos educativos deste tipo e que lles permita seguir medrando e atender a súa alta demanda. A creación dun novo auditorio, tachado de proxecto faraónico e ególatra polos partidos da oposición, semella a solución para corrixir a precaria situación das escolas de Música e Danza.

OLEIROS COOPERA CO MUNDO



■ O Concello de Oleiros dentro da súa política de solidariedade cos pobos máis desfavorecidos do mundo, aprobou no pleno ordinario do pasado mes de novembro unha serie de axudas para financiar proxectos de axuda humanitaria e cooperación internacional. Estás axudas que teñen como denominador común o respaldo aos máis novos e aos máis desamparados chegarán a varios países de hispano América, oriente próximo ou a Polinesia. En total, case 42.000 que contribuirán á creación de novas escolas, creación de postos de traballo, ou planes de emerxencia contra furacáns.

▶ CIUDAD DELGADO, NO SALVADOR

◆ O Concello de Oleiros, en colaboración co Club de Leones da Coruña, enviou un cargamento de axuda humanitaria con máis de 3.000 quilos de calzado ao municipio salvadoreño de Ciudad Delgado. O alcalde desta localidade, José Tomás Minero Rodríguez, nunha visita recente ao Concello de Oleiros, expresou as dificultades económicas que está a atravesar o seu municipio e as carencias que tiñan os cidadáns para acceder aos produtos máis básicos como o calzado. O orzamento previsto para a execución do proxecto é de 4.920 euros, que será asumido na súa totalidade polo Concello de Oleiros.

▶ PALESTINA

◆ Como xa adelantara este xornal na súa pasada edición, a visita dun grupo de rapaces palestinos ao Concello o pasado verán abriu a posibilidade de establecer unha nova liña de colaboración internacional entre o Goberno local e o pobo palestino. O Concello de Oleiros está a colaborar, a través da Fundación Araganey na construción dun centro infantil no campo de refuxiados de Askar, en Nabus. O obxectivo desta iniciativa é crear unha infraestrutura axeitada para educar os nenos e as nenas e, ao mesmo tempo, construír un contorno axeitado para que poidan aprender e xogar lonxe do clima de violencia no que se ve inmersa a poboación civil palestina. O orzamento total previsto para a construción desta escola é de 62.970 euros. O Concello achega 6.000 euros.

▶ HONDURAS

◆ O Concello de Oleiros achega 3.000 euros ao Proxecto de Educación Solidaria Monseñor Óscar Romero, que se desenvolve na localidade hondureña de El Progreso. Nesta vila centroamericana, o Centro da Pastoral da Parroquia de San Ignacio de Loyola, leva desde o ano 1996 intentando facilitar o acceso á educación primaria e secundaria aos nenos e ás nenas procedentes das familias máis humildes. A súa principal misión é prover de alimentos básicos e material, así como de ferramentas educativas para xerar traballo. Esta contribución ao desenvolvemento da mocidade máis necesitada de Honduras realízase xunto co Comité de solidariedade Monseñor Óscar Romero da Coruña, que está formado por un grupo de persoas comprometidas cos problemas de América Latina. Este colectivo iniciou as súas actividades no ano 1985, desde a súa creación realiza un labor de denuncia da carencia dos Dereitos Humanos. Ademais deste labor de denuncia, dedícase a apoiar proxectos para conseguir a autoxestión.

▶ MICRONESIA

◆ En colaboración coas Mercedarias Misioneras de Berriz, o Concello de Oleiros financia o mobiliario dunha aula de corte e confección, chamada Escola Promocional da Muller, situada no novo edificio do Colexio da Nosa Señora da Merced, na illa Ponape da Micronesia. O obxectivo é ofrecer unha educación profesional para a mocidade que desexa continuar a súa educación a nivel superior e de proporcionarlle todo tipo de coñecementos e habilidades que lles axude a levar unha vida máis produtiva de autosostemento económico. O orzamento deste proxecto é de 6.000 euros que o Concello financia de forma íntegra. As Mercedarias Misioneras de Berriz son un grupo de monxas que chegaron a Micronesia en 1928. Desde entón, o seu traballo centrouse na educación e promoción da xuventude, especialmente da muller.

▶ CUBA

◆ Na visita á Cidade da Habana, co motivo da viaxe de ocioleiros e xoveoleros do pasado verán, responsables do Concello mantiveron entrevistas co alcalde desta cidade, Juan Contino, e co responsable de colaboración internacional Félix Mejías. Nas xuntanzas avaliáronse os danos producidos polos furacáns Iker e Gustav que devastaron a Cuba durante os meses de xullo e agosto con graves danos que afectaron ás vivendas e aos servizos de recollida de lixo e alumeadado público. O Concello comprométese a prestar axuda humanitaria para paliar a situación que está a vivir a poboación cubana. O Goberno local asumiu o custo de enviar material para habilitar vivendas, farois para o alumeadado público e contedores para a recollida de lixo, por un importe de 16.000 euros con cargo á conta solidaria permanente. Ademais desta iniciativa, o Concello cofinancia outro proxecto na illa caribeña. O obxectivo é que a poboación dispoña dunha unidade de resposta inmediata ante catástrofes naturais. Sen dúbida o Caribe é unha das zonas do mundo na que se producen maior número de catástrofes deste tipo, de maneira sistemática e con periodicidade anual na illa de Cuba. O paso de furacáns e ciclóns provoca grandes prexuízos na vida cotiá dos habitantes da cidade da Habana. Tras o seu paso débense afrontar tarefas urxentes como a limpeza das vías de comunicación, ou como o dragado e baleirado das zonas afectadas. O proxecto ten un orzamento de 50.000 euros. Oleiros achega 6.000.

Na foto, unhas mozas da Escola Promocional da Muller da illa Ponape, na Micronesia

O CONCELLO ORGANIZA EXCURSIÓNS DIDÁCTICAS PARA 280 ESCOLARES ▼

■ *A política educativa do Concello de Oleiros asume, desde o nacemento das corporacións democráticas, a responsabilidade de continuar o proceso de educación máis aló do estritamente formal. Todos os programas que se desenvolven desde o Servizo Municipal de Educación teñen o obxectivo de axudar a construír*

unha sociedade que participe de forma activa no proceso colectivo de interpretación do medio onde se desenvolven as nosas vidas. Pretendemos educar en valores a través de experiencias positivas, para que nenos e nenas participen nunha sociedade máis xusta. Neste contexto, enmárcase a iniciativa «Aprendemos na natureza».

◆ O conxunto de actividades «Aprendemos na natureza» prevé para este curso un total de seis excursións de varios días de duración cada unha e nas que participarán a maioría dos estudantes oleirenses. Estas saídas realizaranse en horario lectivo e serán nos centros de ensino público do municipio os encargados de elixir unha actividade dentro da variedade que ofrece o Concello. Cada colexio poderá escoller dúas excursións como máximo a calquera dos destinos.

O obxectivo desta iniciativa é facer que os escolares descubran as características máis definidoras a nivel natural, social e cultural de cada lugar visitado. Tamén se pretende promover a convivencia entre o alumnado ao mesmo tempo que se abre ao profesorado a posibilidade de ensinar en contacto directo co medio natural. Ademais estas excursións fomentan a autonomía e o desenvolvemento persoal fóra do ámbito familiar e escolar.

As peculiaridades de cada zona fan moi recomendable a realización de rutas para o gozo e o estudo do contorno. Durante as viaxes realizaranse xogos de simulación e descuberta ambiental para mellorar a comprensión das características de cada zona. Ademais, levaranse a cabo obradoiros de natureza e visitas de interese.

Os destinos dos «Aprendemos na Natureza» deste curso escolar concrétanse nas seguintes excursións:



EN CONTACTO COA SERRA DO COUREL

■ **Aloxamento:** bungalows no campamento «O Courel», no Concello de Folgoso do Courel / *Actividades de observación do contorno e de sendeirismo a través de varias rutas etnográficas.*

■ **Datas:** a concretar cos colexios participantes

■ **Duración:** **dous días** cunha noite, en tempo lectivo, para os grupos do 1º ou 2º ciclo do EP e **tres días** con dúas noites, en tempo lectivo, para os grupos do 3º ciclo do EP

■ **Prazas:** 35 (inclúe profesorado acompañante)



VISITA Á GRANXA ESCOLA «RÍA DO EO»

■ **Aloxamento:** albergue pegado á granxa-escola no Concello de Vegadeo / *Actividades de observación da Ría do Eo, actividades no horto, xogos de simulación ambiental, etc.*

■ **Datas:** a concretar coas aulas participantes

■ **Duración:** **dous días** cunha noite, en tempo lectivo, para os grupos do 1º ou 2º ciclo do EP e **tres días** con dúas noites, en tempo lectivo, para os grupos do 3º ciclo do EP

■ **Prazas:** 35 (inclúe profesorado acompañante)



DE EXCURSIÓN POLAS FRAGAS DO EUME

■ **Aloxamento:** Albergue de Alvarella, no Concello de Vilarmaior / *Actividades de turismo cultural, obradoiros, horto ecolóxico, sendeirismo, enerxías renovables, etc.*

■ **Datas:** a concretar cos colexios participantes

■ **Duración:** **dous días** cunha noite, en tempo lectivo, para os grupos do 1º ou 2º ciclo do EP e **tres días** con dúas noites, en tempo lectivo, para os grupos do 3º ciclo do EP

■ **Prazas:** 35 (inclúe profesorado acompañante)



COÑECENDO OS ANCARES LEONESES

■ **Aloxamento:** Albergue de Burbia / *Actividades de educación ambiental, xogos de interpretación, rutas de sendeirismo, obradoiros etnográficos e didácticos, etc.*

■ **Datas:** a concretar coas aulas

■ **Duración:** **dous días** cunha noite, en tempo lectivo, para os grupos do 1º ou 2º ciclo do EP e **tres días** con dúas noites, en tempo lectivo, para os grupos do 3º ciclo do EP

■ **Prazas:** 35 (inclúe profesorado acompañante)



VISITA A MAR DE LIRA

■ **Aloxamento:** albergue en Lira ou Mazaricos / *Actividades de educación ambiental, xogos de interpretación, sendeirismo, obradoiros de pesca, etc.*

■ **Datas:** a concretar coas aulas

■ **Duración:** **dous días** cunha noite, en tempo lectivo, para os grupos de 1º ou 2º ciclo do EP e **tres días** con dúas noites, en tempo lectivo, para os grupos do 3º ciclo do EP

■ **Prazas:** 25 (inclúe profesorado acompañante)



ESTANCIA NAS CORCERIZAS

■ **Aloxamento:** Albergue «As Corcerizas», no Concello de Vilar de Barrio, Centro de educación ambiental na Serra de San Mamede que dispón de aularios, albergue, comedor e a casa das enerxías renovables.

■ **Datas:** a concretar coas aulas

■ **Duración:** **dous días** cunha noite, en tempo lectivo, para os grupos de 1º ou 2º ciclo do EP e **tres días** con dúas noites, en tempo lectivo, para os grupos do 3º ciclo do EP

■ **Prazas:** 35 (inclúe profesorado acompañante)

A CULTURA ACTIVA OLEIROS ▼

■ *A cultura foi sempre unha das principais apostas deste Oleiros guapo que os veciños construímos. Un Oleiros formado por homes e mulleres que queren o mellor para eles, para os seus fillos e para os seus netos. As accións que desde esta área se levan adiante van sempre encamiñadas ao protagonismo dos veciños aos que agradecemos a receptividade coa que sempre acollen as nosas iniciativas. O Goberno local trata de fomentar unha cultura rica en valores, activa, participativa e solidaria. A Concellería de Cultura continúa a traballar e arreo para que Oleiros siga gozando dun saudable tempo de lecer.*

NOVA INDUMENTARIA PARA A BANDA DA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL



◆ A orquestra da Escola de Música Municipal continúa a medrar. Ademais do salto cualitativo que os músicos están a dar nas súas actuacións, a agrupación conta cunha nova uniformidade dotada polo Concello. A Banda naceu en xuño do 2001, no seu primeiro concerto estaba formada por 20 alumnos. No 2002 tomou a súa dirección Alberto Piñeiro Leiva. Neste curso ofrecéronse varios concertos de Nadal e de

fin de curso, e realizáronse intercambios coas escolas de música doutros municipios do noroeste. Desde xuño de 2006 organízase o «Festival de Bandas Concello de Oleiros», que é un éxito de público e no que se está a acadar un alto nivel musical. Neste tempo a Banda leva compartido escenario con outras importantes formacións musicais. Na actualidade está formada por 45 músicos.

A ENTRADA DA FÁBRICA CONVÉRTESE NUNHA SALA DE EXPOSICIÓNS PARA ARTISTAS NOVOS OLEIRENSES

◆ O Centro de Información Xuvenil do Concello de Oleiros, co obxecto de ir abrindo canles de dinamización para a mocidade do municipio, pon en marcha o programa «Fabriarte». Esta iniciativa ten o fin de crear un punto de referencia de creación artística, un lugar onde se favoreza e incentive a creatividade da xente nova. O espazo que vai estar a disposición dos rapaces e das rapazas será a entrada do Centro Cultural A Fábrica. Este novo programa «Fabriarte» contribúe ao crecemento da xuventude así como á súa implicación e á súa participación na vida cultural e social oleirense. Todo isto a través do fomento á creatividade, do apoio ás novas tendencias, ás novas canles de comunicación.



“COMPRA EN OLEIROS”

IMPULSA O COMERCIO LOCAL!

OFERTA CULTURAL ▼

primeiro trimestre do ano: xaneiro-marzo 09



■ Obradoiro de teatro

◆ No mes de febreiro iníciase de novo un obradoiro no que os participantes poderán entrar en contacto co mundo do teatro. Este obradoiro pretende proporcionar ao alumnado a oportunidade de analizar, comprender e comunicar ideas e sentimentos. Será impartido polos actores profesionais Pablo Sánchez e Carlos Sante, integrantes da Compañía teatral **San & San** e será os luns e os martes no teatro das Torres, en Santa Cruz.

■ Conmemoración do día da Muller

Sábado 7 de marzo ás 20:30 horas

◆ A compañía asturiana **Higiénico Papel Teatro** representa a súa obra **Lentas pero Seguras**

Dirección e dramaturxia: Laura Iglesia

Intérpretes: Cristina Cillero, Arantxa Fdez. Ramos, Marigel Nicieza.

Sinopse: "Lentas pero seguras" é unha divertida parodia sobre os problemas diarios das mulleres do noso tempo, sobre a insatisfacción e o estrés da sociedade contemporánea, sobre a toma de decisións e a angustia das alternativas, sobre o paso do tempo e a necesidade de aprender a querer-se e a gozar da vida ao prezo que sexa. Ten un estilo áxil, dinámico e xoga coas palabras e cos momentos musicais e coreográficos... sempre con humor e coa intención sa de provocar risas e reflexións.

PROGRAMACIÓN do 1º semestre da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

Todas as representacións serán ás 20:30 horas no Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Sábado 7 de febreiro:

◆ A compañía **Mofa e Befa** representa **No coment OBRA**

Unha obra en construción, moitos metros sobre o nivel do chan. Os operarios non falan, en parte polo barullo das máquinas, en parte porque veñen de países e culturas diferentes.


É o Babel moderno. Constrúese contra o ceo e non se entende quen o fai. Sen necesidade de falar, encóntranse dous obreiros: un veterano e un novo; o que leva toda a vida e que dalgún modo comprende a política do ladrillo e aqueloutro que, se cadra, tería preferido ser violinista ou economista ou xamán na súa terra natal.



Sábado 14 de febreiro:

◆ A compañía **San & San** representa **As desventuras de Carme, Gelines e Don José**

Carme, Gelines e Don José naceron a noite dun venres de 2006 no programa "Luar" da TVG das cabezas pensantes do grupo San & San, integrado por Pablo Sánchez, Xaquín Domínguez e Carlos Sante. As personaxes fixéronse populares ao longo de dous anos en antena desenvolvendo as máis estrambóticas aventuras nesa metáfora de aldea galega que é Vilourido de Barbarís.



Sábado 14 de marzo:

◆ A compañía **Sarabela Teatro** representa **Dáme Veleno**

Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela desde o alén. Un dos seus netos vive coa indefinible sensación do desaxuste co mundo, mentres as súas tías teñen a tola esperanza de poder axudar coas súas accións a facer máis levadeira a existencia dos infelices.

Unha parella de actores disposta a non deixarse arrebatada a súa paixón. Outro neto perdido e recobrado; unha acompañante misteriosa e un avogado a piques de perder o tren, tecerán un novelo fantástico. Obra para gozar das sorprendentes sensacións que nos invaden cando non sabemos que nos espera detrás dunha porta ou cando tentamos atrapar a verdadeira natureza dun grupo de seres humanos no trebón da vida ao límite.



Sábado 28 de marzo:

◆ A compañía **Teatro de Ningures** representa **Bailadela da morte ditosa**

Bailadela da morte ditosa preséntanos seis encontros coa morte. Encontros procurados sempre polas personaxes e por diferentes motivos: adiantar á propia morte para escapar do sufrimento, achegarse a ela para matar a soidade ou o fracaso, abrazala para alimentar outra vida ou rematar nos seus brazos como remate natural dun camiño xa percorrido.




Concerto Rafael Amor

▶ **Venres 27 de marzo ás 20:30 horas**
Auditorio Centro Cultural A Fábrica, Perillo

E ademais...

- Ao longo deste novo ano continúa o obradoiro de olaría, curso que mostra as distintas técnicas e formas de tratar o barro.
- As clases impártense no alfar situado no parque das Torres, en Santa Cruz, os luns e os martes de 16:30 h a 18:30 h e de 18:30 h a 20:30 h

OLEIROS APOSTA POLA ACTIVIDADE FÍSICA PARA A SAÚDE ▼



◆ Exercício físico como receita para manter a saúde. O Concello de Oleiros vén desenvolvendo desde hai catro anos, o Programa Municipal de Exercício Físico para a Saúde, coñecido como «Oleiros en Forma». Este programa está a diversificar a súa oferta para orientarse cada vez máis a resolver os problemas de saúde específicos. Así, ademais do tradicional programa deportivo-recreativo, o programa está a ofrecer a opción de atender os oleirenses con patoloxías ou doenzas relacionadas coa dor de costas, coa prevención e coa rehabilitación de enfermidades reumáticas e co control de factores de riscos cardiovasculares, como son a hipertensión, o exceso de peso e a obesidade. Non podemos esquecer os alarmantes datos de evolución en aumento, no número de persoas que padecen xa de obesidade e exceso de peso desde moi novas, desencadeante de moitas das patoloxías consideradas

hoxe en día como a auténtica epidemia do século XXI. Neste sentido, os técnicos municipais encargados de desenvolver este programa destacaron que na sociedade actual, e debido aos hábitos alimenticios e de movemento físico, son cada vez máis as persoas que precisan, baixo prescrición médica, mudar estes hábitos, pero que non saben nin como nin onde facelo. Así pois, con esta reorientación e actualización permanente do programa «Oleiros en Forma», o Concello quere dar resposta de alta calidade, programada e dirixida por profesionais licenciados en Educación Física.

Estas actividades, veñen realizándose nas instalacións da Piscina Municipal de Oleiros, no Polideportivo Municipal de Bastiagueiro, no Centro Municipal da Fábrica e na Unidade de Valoración Funcional do Inef Galicia.

● PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE RISCOS CARDIOVASCULARES ▼

Hora	MARTES	MÉRCORES	XOVES
19/20	Exercicio aeróbico en bicicleta / Sala de Spinning Oleiros		Exercicio aeróbico en bicicleta / Sala de Spinning Oleiros
20/21	Forza + Estiramientos / Ximnasio Piscina Oleiros	Activ. Acuáticas / Piscina Oleiros Activ. Aeróbicas Musicais / Inef	Forza + Estiramientos / Ximnasio Piscina Oleiros
21/22	Activ. Acuáticas / Piscina Oleiros		Activ. Acuáticas / Piscina Oleiros

● PROGRAMA ESPECÍFICO PARA A DOR DE COSTAS ▼

Hora	LUNS	MARTES	XOVES
19/20		Exercicio aeróbico en bicicleta / Sala de Spinning Oleiros	Exercicio aeróbico en bicicleta / Sala de Spinning Oleiros
20/21	Control Postural / C.D.C. A Fábrica-Perillo	Forza + Estiramientos / Ximnasio Piscina Oleiros	Forza + Estiramientos / Ximnasio Piscina Oleiros
21/22		Activ. Acuáticas / Piscina Oleiros	Activ. Acuáticas / Piscina Oleiros

● PROGRAMA DE PREVENCIÓN E REHABILITACIÓN DE ENFERMIDADES REUMÁTICAS ▼

Hora	LUNS	MARTES	XOVES
17/18	Control Postural / C.D.C. A Fábrica-Perillo	Forza + Estiramientos / Ximnasio Piscina Oleiros	Forza + Estiramientos / Ximnasio Piscina Oleiros
18/19		Activ. Acuáticas / Piscina Oleiros	Activ. Acuáticas / Piscina Oleiros

● PROGRAMA DEPORTIVO-RECREATIVO ▼

Actividades de acondicionamento físico saudable dirixidas ás persoas que non padecen na actualidade ningunha doenza e que simplemente desexan unha practica de actividade física regular.

Hora	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES
20/21	Activ. Acuáticas / Piscina Oleiros	Forza + Estiramientos / Ximnasio Bastiagueiro	Activ. Acuáticas / Piscina Oleiros Activ. Aeróbicas Musicais / Inef	Forza + Estiramientos / Ximnasio Bastiagueiro
21/22		Bádminton / Pavillón de Bastiagueiro		Bádminton / Pavillón de Bastiagueiro

COMO PODO APUNTARME?:

- Pódese pedir cita por teléfono ou persoalmente, no Centro Municipal da Fábrica. A cita é gratuíta, e nela explicarase individualmente cales son as características do programa e as posibilidades que pode ter a persoa interesada. **Tel.: 981 636 598**

PRETO DE 500 ESCOLARES PARTICIPAN NAS ESCOLAS ACUÁTICAS MUNICIPAIS

■ Desde o pasado mes de novembro e ata que remate o curso, están en marcha os distintos grupos de actividade acuática municipal. Este programa municipal está dirixido ao alumnado dos centros de ensino públicos de Oleiros.

◆ En concreto son 447 alumnos e alumnas pertencentes aos centros públicos de educación infantil e de primaria, os que participan nestas actividades acuáticas, para as que o Concello facilita o servizo de transporte gratuito, permitindo así que os escolares das zonas máis afastadas ás piscinas municipais e as familias con menos recursos, poidan acceder facilmente a unha actividade tan importante desde o punto de vista hixiénico e utilitario, como é a natación e as actividades acuáticas.

Este programa, que o Concello de Oleiros leva executando desde o ano 1990, ten como finalidade principal o achegamento do medio acuático á maior parte posible da poboación escolar de Oleiros, tendo en conta a importancia que ten o desenvolvemento e o dominio motriz neste medio, así como a propia seguridade. Non pretendemos, polo tanto, conseguir no futuro grandes nadadores, o noso fin é moito máis útil, facilitar que moitos nenos e moitas nenas aprendan a nadar e dominen o medio acuático con certa soltura, proceso para o cal teñen a posibilidade de participar no programa desde os 3 aos 12 anos. A dispoñibilidade gratuíta no servizo de transporte, así como unha coherente política de prezos públicos, son garantía dunha facilidade de acceso a este programa para todas as familias.

Na imaxe pode verse a dous cativos xogando cun dos monitores das Escolas Acuáticas municipais durante o desenvolvemento dunha das actividades na piscina da Fabrica, en Perillo



As actividades están a ter lugar na Piscina Municipal de Oleiros, na do Centro Cultural A Fábrica e na da praza da Canteira de Perillo. Os seus horarios e quendas son as seguintes:

● PISCINA MUNICIPAL DA FÁBRICA

Horario	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16:30	El Luis Seoane	El Rabadeira - S.Pedro	El Valle Inclán (I) (sen transporte)	El Valle Inclán (III) (sen transporte)	El Parga Pondal
17:20	El Luis Seoane (sen transporte)	El Rabadeira - S.Pedro (sen transporte)	El Valle Inclán (II) (sen transporte)		El Parga Pondal (sen transporte)

● PISCINA MUNICIPAL DE PERILLO

Horario	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16:30	CEIP Valle Inclán 5º e 6º curso (sen transporte)	CEIP Valle Inclán 1º e 2º curso (sen transporte)		CEIP Valle Inclán 3º e 4º curso (sen transporte)	

● PISCINA MUNICIPAL DE OLEIROS


Horario	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16:30	CEIP Parga Pondal 4º, 5º e 6º curso	CEIP Parga Pondal 1º, 2º e 3º curso			CEIP Luis Seoane 1º e 2º curso
17:20	CEIP Rabadeira 1º e 2º curso	CEIP Rabadeira 3º e 4º curso	CEIP Rabadeira 5º e 6º curso		CEIP Luis Seoane 3º e 4º curso CEIP Luis Seoane 5º e 6º curso

«CONDÚCETE CON SENSO», A NOVA CAMPAÑA DE SEGURIDADE VIARIA DO CONCELLO ▼

◆ O Concello presentou o pasado mes de novembro a nova campaña de seguridade viaria que ao longo destes días se está a desenvolver nos centros escolares do municipio. Este programa de educación viaria, que abarca accións desde os 3 ata os 18 anos, levarase a cabo en horario lectivo. En total participarán 1.500 estudantes do municipio. De forma paralela a esta campaña educativa desenvólvense outras iniciativas dirixidas a toda a veciñanza e en especial ás persoas que conducen. Co obxectivo de aclarar dúbidas sobre a circulación no municipio, o Goberno local editou un tríptico informativo sobre as rotondas máis problemáticas do municipio, no que se recorda como se debe circular por estas. Tamén se poñerá a disposición da poboación un enlace na páxina web municipal no que haberá información didáctica sobre a circulación.

A maioría das actividades desenvolveranse a partir deste mes de xaneiro. As charlas para os escolares, que teñen unha duración de tres sesións cada unha, teñen o obxectivo principal de sensibilizar co fin de cambiar condutas e comportamentos de risco. Ademais, tamén co ánimo de concienciar e educar os máis pequenos levarase a cabo o deseño dun parque móbil, onde o último día da actividade poderán montar en bicicleta e demostrar todo o que aprenderon durante a actividade. Para o alumnado de bacharelato, representárase unha obra de teatro onde se fomenta un comportamento responsable. Por último, no mes de xuño celebrárase unha festa onde os participantes poderán montar en karts, bicis e simuladores.

Este ano, como novidade, creouse Carreiriño, unha mascota en forma de estrada que conta cunha gran versatilidade, xa que ás veces pode aparecer regulando o tráfico coma un policía ou percorrendo as estradas oleirenses nunha bicicleta ou nun ciclomotor. O principal obxectivo deste personaxe é achegar ao alumnado a educación viaria no seu contorno dunha forma amena e divertida.



OLEIROS DESMÁRCASE DAS DROGAS E DO ALCOHOL

◆ O Concello de Oleiros puxo en marcha a comezos de curso un ambicioso programa de prevención de drogas e alcohol no que participan ao redor de 1.500 rapaces e rapazas, practicamente o total do alumnado de primaria e secundaria do municipio. «DESMÁRCATE, toda unha comunidade educadora» ten por obxectivo coordinar as accións preventivas de consumo de drogas, favorecendo a adquisición de hábitos de vida saudables. O conxunto de actividades, que se desenvolverán ao longo de todo o curso escolar 2008-2009, abarcan distintas liñas de actuación que pretenden acadar unha participación integral da comunidade nas accións preventivas levadas a cabo tanto dentro como fóra do eido escolar. Estas iniciativas están dirixidas a axudar ao desenvolvemento dunha actitude crítica na xente nova, creando deste xeito unha cultura onde a mocidade sexa protagonista do cambio social.

Liñas de Acción: ▼

● **Obradoiros educativos:** dirixidos ao alumnado de 5º e 6º de primaria, ESO, e 1º de bacharelato de todos os centros de ensino primario e secundario do Concello de Oleiros.

● **Grupos de encontro para pais e nais** de alumnado dos centros de ensino primario e secundario do Concello de Oleiros. A finalidade destes grupos de encontro é a de crear un espazo de encontro participativo onde os pais e as nais poidan reflexionar, debater, asesorarse e informarse sobre aquelas cuestións relacionadas coa temática que se vai tratar.

● **Servizo de asesoramento para centros educativos:**

- Formación para profesorado.
- Asesoramento e apoio técnico-docente para a creación e a consolidación de equipos de mediación para intervir en situacións de conflito, previstos nos Plans de Convivencia dos centros educativos.
- Asesoramento en situación de crise ou de conflito. Ofrécese asesoramento ao profesorado, ao alumnado e aos pais, sempre que eles o demanden, de como intervir nunha situación de crise ou de conflito enmarcada no ámbito das drogodependencias, así como informar dos recursos aos que deben acceder se fose necesaria unha intervención profesional especializada para tratar o conflito.

● **Curso de formación para mediadores** xuvenís en educación para a saúde.

● **Obradoiros formativos** para entidades e outros axentes sociais do municipio.

● **Espazos creativos da saúde:** con esta iniciativa preténdese vincular o programa a un tempo e a un espazo diferente á intervención que se fai nos centros educativos, no que a mocidade que amose un maior nivel de implicación e motivación teña un lugar para canalizar iniciativas de cara a desenvolver unha campaña de educación para a saúde e a prevención da drogodependencia.

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

•Concello de Oleiros 981 610 000

Policia Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 614 784
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Casa do Pobo de Dorneda	981 614 326
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 155
Escola Municipal de Música	981 639 143

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El O Vilar / Nós	981 664 257
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	981 638 903
IES Miraflores / Oleiros	981 631 615
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luis Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	981 636 754
CEIP A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas

Central Rialada / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Dorneda	981 614 111
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

Querida lúa

O ciclo da lúa

Medra	4 xaneiro / 2 febreiro / 4 marzo
Chea	11 xaneiro / 9 febreiro / 11 marzo
Mingua	18 xaneiro / 16 febreiro / 18 marzo
Nova	26 xaneiro / 25 febreiro / 26 marzo

Transportes

TAXI a domicilio: 981 651 111

En Oleiros TAXI a domicilio tamén no **981 243 333**

Horarios Cal Pita

- Aeroporto de Alvedro **981 187 200**
- Estación autobuses A Coruña **981 184 335**
- Estación FFCC San Cristovo **902 240 202**

1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8-22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Dom+fest Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 22:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Dom+fest Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Dom+fest Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Dom+fest Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6:55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:05 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada 2 horas
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Dom+fest Ida 8:25 a 20:25 cada hora ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ de 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Dom+fest Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Dom+fest Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora



*Xa somos
33.767
veciños/as
censados/as!*

Ata o 23 de decembro, o censo por parroquias é de:

DEXO (Santa María)	1.403
DORNEDA (San Martiño)	3.458
IÑÁS (San Xurxo)	1.223
LIÁNS (Santa Eulalia)	9.803
MAIANCA (San Cosme)	1.104
NÓS (San Pedro)	4.415
OLEIROS (Santa María)	2.944
PERILLO (Santa Leocadia)	7.850
SERANTES (San Xulián)	1.567
TOTAL	33.767

Farmacias de garda

	Datas
■ TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 648 440	Do 2 ao 8 de xaneiro Do 20 ao 26 de febreiro
■ CARMEN CASARIEGO TORRES Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 503	O 1 de xaneiro Do 13 ao 19 de febreiro
■ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 184	Do 9 ao 15 de xaneiro Do 27 ao 28 de febreiro Do 1 ao 5 de marzo
■ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 610 027	Do 16 ao 22 de xaneiro Do 6 ao 12 de marzo
■ MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 617 937	Do 23 ao 29 de xaneiro Do 13 ao 19 de marzo
■ Mª TERESA MIGUÉLEZ FREIRE Avda. Rosalía de Castro, nº 247 (Perillo) ● Teléfono: 981 635 024	Do 30 ao 31 de xaneiro Do 1 ao 5 de febreiro Do 20 ao 26 de marzo
■ Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nos) ● Teléfono: 981 663 890	Do 6 ao 12 de febreiro Do 27 ao 31 de marzo

OS NOVOS VIARIOS

CAPÍTULO I:

● A circunvalación de Santa Cruz



◆ O novo Plan xeral de Oleiros recolle na súa documentación a realización de diversas obras de mellora e a creación de novos accesos viarios e conexións destinadas a canalizar e axilizar o tráfico nos actuais núcleos de poboación, así como naqueles núcleos de nova creación que se desenvolverán a través de plans parciais que achegarán o solo necesario para a urbanización de novas rúas e travesías nos principais núcleos do municipio. O plan viario que recolle o planeamento do concello está integrado na rede viaria comarcal e

provincial. Estes proxectos catalóganse como obras de interese supramunicipal dentro do Plan viario previsto polo Goberno da Xunta.

Unha das obras de desconexión do tráfico máis destacadas afecta á localidade de Santa Cruz. Trátase dunha nova estrada que discorre polas inmediacións da vila e que eliminará en gran medida o tránsito de vehículos polo seu centro. No texto do novo PXOM denomínase vía de circunvalación de Santa Cruz. Seguindo un itinerario sur-norte, esta estrada partirá das inmediacións

do centro comercial Haley, situado na avenida Che Guevara. A nova vía discorrerá bordeando o núcleo principal de Santa Cruz e unindo á avenida Casares Quiroga, á avenida Díaz Pardo, á rúa Ferrala e a avenida Pardo Bazán. Finalmente, desemboca na avenida República Argentina, á altura do lugar de Camposeiras, na parroquia de Dorneda. Está previsto que nun prazo curto de tempo, este ramal de vital importancia para esta zona do municipio sexa unha das obras prioritarias que executará o Goberno da comunidade autónoma.